



Asunto: Mobilidade por protección fronte á violencia de xénero.

A normativa que garante a mobilidade xeográfica das empregadas públicas vítimas de violencia de xénero que se vexan obrigadas a abandonar o posto de traballo na localidade onde viñan prestando servizos, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, establece que neses procedementos de mobilidade protexerase a intimidade das vítimas.

Ata este momento a aplicación práctica desas medidas de mobilidade xeográfica estase a realizar no Servizo Galego de Saúde mediante o instrumento da comisión de servizos, outorgando ás vítimas da violencia prioridade na súa concesión.

Este instrumento da comisión de servizos, aínda que poida parecer pouco axeitado para amparar unha medida de protección fronte á violencia, ten o seu fundamento precisamente na intención de protexer a intimidade da vítima, xa que na resolución non se alude á violencia como motivo do traslado.

Neste intre, coa finalidade de avanzar na protección da intimidade das vítimas, consideramos oportuno desenvolver a tramitación dese procedemento de mobilidade, outorgándolle entidade propia e diferenciada respecto á tramitación propia das comisións de servizo.

A novidade fundamental a este respecto é constituír a este centro directivo como o único interlocutor inicial da vítima dentro do Servizo Galego de Saúde, de forma que non resulte preciso que a mesma se dirixa formalmente, expoñendo a súa situación, ás institucións implicadas nun posible traslado. En consecuencia, será este centro directivo o que impulsará o procedemento, en coordinación coas ditas institucións, e resolverá sobre o cambio de localidade consonte o previsto no artigo 36 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Con todo, no que respecta á finalización do procedemento, parece acertado que a medida de mobilidade continúe a formalizarse como “comisión de servizos”, evitando deste xeito aludir á violencia como causa última do traslado.

Polo demais, o desenvolvemento dun procedemento propio para aplicar esta medida de protección permite concretar outros particulares, como a documentación que debe presentarse para acreditar a violencia ou o modelo de solicitude que poden utilizar as mulleres interesadas.





Polos motivos expostos, dítanse as seguintes

INSTRUCCIÓNS

Primeira.- Obxecto e ámbito de aplicación.

As presentes instrucións teñen por obxecto desenvolver o procedemento de mobilidade por razón de violencia de xénero, de conformidade co previsto no artigo 36 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (Diario Oficial de Galicia do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Aplicaranse ao persoal estatutario ao servizo das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e outras entidades instrumentais do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Segunda.- Solicitudes de traslado

As solicitudes de traslado baseado na protección fronte á violencia de xénero realizaranse a través do modelo normalizado que se xunta como anexo ás presentes instrucións, e irán dirixidas á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

A situación de violencia acreditarase documentalmente coa orde de protección ou calquera resolución xudicial que constate ou incorpore indicios de que a solicitante é vítima de violencia de xénero. Excepcionalmente, poderá acreditarse cun informe do Ministerio Fiscal relativo a eses particulares.

A solicitante concretará a institución ou institucións (de, ser o caso, por orde de prioridade) ás que pretende trasladarse como medida de protección.

Terceira.- Impulso e resolución do procedemento.

Unha vez recibida a solicitude, a unidade desde centro directivo que teña atribuída a función de xestión de persoal estatutario impulsará as medidas para a súa resolución, solicitando os informes que resulten precisos ao persoal directivo responsable de recursos humanos nas institucións afectadas.

Procurarase que o destino asignado sexa de características análogas ás do posto de orixe.





A resolución de cambio de localidade, cando proceda, será ditada por este centro directivo consonte o artigo 36 do Decreto 206/2005. Con base nesa resolución, o órgano competente en cada caso formalizará a correspondente comisión de servizos.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2014

A directora xeral de Recursos Humanos



Margarita Prado Vaamonde

**ESTRUTURAS ORGANIZATIVAS DE XESTIÓN INTEGRADA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE
FUNDACIÓNS E EMPRESA PÚBLICAS DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA**



recursos.humanos@sergas.es

www.sergas.es

Tel. 881 542 800 - Fax 881 542 818

galicia

ANEXO

SOLICITUDE DE TRASLADO POR RAZÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO

INTERESADA (Nome e apelidos)

.....DNI:

Enderezo:..... C.P:

Concello:..... Provincia:.....

Teléfono/s de contacto: / /

Categoría profesional:

Centro de traballo:.....

EXPOÑO:

Como consecuencia dunha situación de violencia de xénero, que acredito coa documentación que achego (*), véxome obrigada a abandonar o citado centro de traballo.

(*) Documentación a achegar coa solicitude: orde de protección ou calquera resolución xudicial que constate ou incorpore indicios de que a solicitante é vítima de violencia de xénero. Excepcionalmente, poderá acreditarse cun informe do Ministerio Fiscal relativo a eses particulares.

SOLICITO:

Ser trasladada á seguinte institución:

.....
.....
.....
.....
.....

(no caso de indicar varias, fágase por orde de prioridade).

En, a ... de de 20....

Sinatura:

DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE